

## CUOTAS DO LEITE E MODELO AGRARIO NA GALIZA

### COMPRE NON PECHAR OS OLLOS FRENTE AOS MECANISMOS DE INTRODUCCIÓN DO MODELO INDUSTRIAL NA NOSA TERRA

Non vale a pena posibelmente aportar datos para amosar a importancia do sector lácteo na Galiza. Chegaría con dicir que nestes anos consolidou o seu papel de núcleo básico da Produción Final Agraria xa que en 1994 representaba o 27,7%. En 1.993 as explotacións de orientación láctea supoñían un 30% do total, pero contaban xa co 40% da S.A.U. e da mao de obra e xeraban o 53,7% do V.A.B. da agricultura galega. A pesares de que aínda hoxe o 25% da produción láctea galega se exporta en bruto, sen transformar, a industria transformadora dos produtos lácteos representa unha das ponlas máis importantes da agroindustria galega.

A insuficiencia actual da cuota galega está xerando importantes problemas nos últimos anos, distorsionando o funcionamento do sector. Se non se consegue aumentar a cuota asignada, frenarase o proceso de reestructuración a medio prazo, obstaculizando a constitución dun estrato de explotacións viabeis. Por todas estas razóns, Galiza non pode admitir que se limiten as posibilidades de expansión deste sector que non podemos dudar de calificar como estratéxico debido a tres razóns básicas:

- \* Polo peso directo que ten na produción e na xeración de emprego.

- \* Polos seus efectos inducidos sobre outras ramas (compras de inputs intermedios, investimentos en bens de capital fixo, comercio e industrias de bens de consumo)

- \* Pola especial relevancia que ten no sostenemento económico e demográfico de moitas zonas rurais.

Desde unha perspectiva ecoloxista, é sin dúbida o último destes tres aspectos o que máis nos pode interesar, porque non pode existir conservación ambiental no medio rural sen que este estexa vivo e sen que a súa poboación se implique no mesmo.

Polo demáis compre non esquecer que o debate sobre as cuotas do leite se dá a tres niveis:

- \* A nivel europeu está en xogo a nova política de protección á agricultura

- \* A nivel estatal é necesaria unha actuación que impida a "rexionalización de facto" das cuotas, que elimina as nosas vantaxes comparativas e incide na política de limitación da produción para zonas de vocación gandeira coma Galiza.

- \* A nivel galego, compre non esquecer que é necesario unha actitude decidida na defensa do sector tanto por parte das institucións coma da sociedade no seu conxunto. E non só na loita contra as cuotas, senon na potenciación dun modelo agrario que aproveite os nosos recursos naturais e fuxa da intensificación dependente dos inputs que veñen do exterior.

Desde unha perspectiva ecoloxista non se pode pechar os ollos diante do modelo agrario que se está a promocionar. Practicamente en todos os países do mundo existen sistemas

de protección á agricultura. O que está en xogo no debate das cuotas é o modelo de protección que se está seguindo e o que se vai seguir no futuro. O actual é un modelo que prima a gandeiría "industrial" e "intensiva" caldo de cultivo para todo tipo de manipulacions xenéticas, emprego de hormonas e responsábel, en boa medida, dunha alimentación que continuamente pon en perigo a nosa saúde. Frente a este modelo, compre defender desde Galiza un sistema de produción agraria e gandeira baseado no aproveitamento da nosa potencialidade forraxeira e que utilice a base territorial racionalmente. Inscribir a loita contra as cuotas do leite nesta perspectiva global é de grande importancia desde un prantexamento ecoloxista.

### 17 de Abril día internacional da loita labrega

Contra a perda da soberanía alimentaría dos povos

O Sindicato Labrego Galego, membro da Coordinadora Paisana Europea (CPE) e do movemento Via Campesina, celebrou o pasado 17 de abril por segundo ano o Día Internacional da Loita Labrega. Esta data fora establecida pola Conferencia de Via Campesina celebrada en Tlaxcala (México) do 18 ao 21 de abril de 1996, despois de que o día anterior, no estado brasileiro de Pará foran masacrados 19 labregos do Movemento Sen Terra (MST).

Via Campesina é un movemento internacional do que forman parte tanto o MST como a CPE, e por tanto o SLG. Para o S. L.G., o 17 de abril é un día para conmemorar esta masacre, reforzar as loitas labregas e condenar con forza calquera represión e marxinação dos movementos labregos.

A CPE reclama que se recoñezan as reivindicacións xustas e lexítimas dos labregos, nunha situación na que as demandas de acceso á terra son contestadas con atentados: o 18 de marzo deste ano, outros dous representantes do MST foron asasinados pola policía militar e os grandes propietarios. Violencia e represión suceden-se en diferentes partes do mundo, con maior virulencia nas áreas máis empobrecidas do planeta, como América Latina ou o Sul de Ásia. A CPE reclama aos gobernos que actúen contra os autores destes crimes e que realicen unha verdadeira reforma agraria que outorgue plenamente o dereito á terra aos labregos, para que poidan saír da situación de miséria na que se atopan actualmente.

A nivel internacional, a CPE loita activamente coas organizacións de Via Campesina dos demais continentes para que se recoñeza a soberanía alimentaría, o dereito de cada país ou rexión de manter ou desenvolver a súa propia capacidade de produción alimentaría. As políticas agrarias actuais seguen a marxinar un número crecente de labregos e concentrando a riqueza en menos máns. En Europa, esta tendencia plasma-se na Axenda 2000. A UE cópia a política dos Estados Unidos e tenta conquistar o mercado internacional para servir única e exclusivamente aos intereses agroindustriais. A produción agraria industrialízase e pasa a máns das multinacionais, conlevando unha supresión masiva de postos de traballo, a perda de calidade polos procesos intensivos e antinaturais de produción (transxénicos, hormonas, praguicidas...), o deterioro ambiental e a perda da autonomía dos labregos. A CPE reclama unha política agraria orientada ao mercado interno.

Cerna